

---

# Memoria de lector

VÍCTOR F. FREIXANES  
PRESIDENTE DA RAG

Andaba eu en primeiro curso de Filosofía e Letras, na Universidade de Santiago, cando a miña amiga Pili Fra Molinero, que xa non está conosco, puxo nas miñas mans un exemplar de *El bosque animado*, nunha edición da colección Austral. Sabía do meu interese pola literatura, e mais por algo do que falabamos moitas veces: como facer literatura universal dende nós, falando (e recreando) o mundo noso, este territorio que chamamos Galicia, que é memoria, presente e futuro, que son as nosas xentes (todos nós) e mais a paisaxe, os mitos, a historia, os símbolos, os devanceiros, o territorio, a lingua... Falabamos moito de Emilia Pardo Bazán e *Los pazos de Ulloa*, e de Ramón María de Valle-Inclán, algo menos das *Cousas* de Castelao, e se cadra aínda nada de Otero Pedrayo... Mais ela, a miña amiga, achegoume a novela de Wenceslao Fernández Flórez e dixo: “Toma, le isto, e xa me contarás”. Mesmo parece que a estou escoitando.

Na miña memoria de lector teño tres momentos parecidos, que son coma descubertas. Un libreiro de Pontevedra, que despachaba nun chambo noveliñas populares a carón das ruínas de San Domingos, perto da Alameda, vendo o meu interese polas noveliñas aquelas, que se alugaban para as fins de semana a dous réas unidade, levoume un día á parte e amosoume un libro diferente: *Sonata de outono* de Valle-Inclán. Había ter eu trece ou catorce anos. Algo debeu ver en min aquel home, e abofé que aquilo cambiou a miña visión da literatura, a miña condición de lector e, se cadra, tamén a miña vida. Moito máis ca o esforzo dos profesores da materia. O terceiro episodio semellante sucedeu algúns anos despois, xa en terceiro de carreira, cando Ricardo Caballo Calero, que nos daba Lingua e Literatura Galega na universidade, atento tamén á miña curiosidade lectora, achegouseme ao saír da aula e recomendoume “Merlín e familia” de Álvaro Cunqueiro.

Os lectores fanse desta maneira: experiencias persoais. Nalguha parte hai sempre un libro agardando por nós, para traformarnos, para abrir un portelo de luz insospeitado, que o alumea todo doutra maneira. Así foi o libro que me emprestou a miña amiga Pili Fra aquela tarde en Compostela, *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez: unha mirada distinta sobre todos nós, sobre o noso mundo e a nosa memoria, case que diría que sobre a nosa alma profunda, individual e colectiva. Lembro á súa lectura como viaxando a través da néboa polo medio da fraga. Tardei anos en achegarme a Cecebre, e fun aló por Fernandez Flórez e o seu libro. Quen sabe se doutro xeito iría? Sucedeume igual con Mondoñedo. Alvaro Cunqueio levoume a aquelas terras, como Joyce nos leva a Dublín, Kafka as rúas e as pontes de Praga, Juan Rulfo a Comala, Mark Twain ao Mississippi...

Óscar Reboiras estudou os antecedentes da novela: eses primeiros artigos do ano 1924 nas páxinas de ABC, logo que a ditadura de Primo de Rivera desterrou a crítica política das páxinas dos xornais, ou condicionouna radicalmente. Na confusión ou desconcerto do momento, o autor viaxa ás orixes. Galicia ten unha significación moi profunda na obra de Fernández Flórez, no só no ámbito temático, tamén no súa visión da realidade, o humor, a oralidade de moitos dos seus textos, tipos humanos, personaxes, mesmo ese certo espec-ticismo de raíz que respiran as súas columnas... Non é casual que cando Leandro Carré e Anxel Casal botan a andar a colección "Lar", novelas curtas con vocación popular, todas escritas en galego no espírito das Irmandades da Fala (1916), pidan un

primeiro título a Wenceslao, enton xa un xornalista coñecido nas páxinas da prensa galega e española, e que este considere seriamente esa colaboración. O primeiro título da colección é *A miña muller* (1924). Posteriormente aparece *O ilustre Cardona* (1927). Seguramente non foron escritas directamente en galego, máis ben pensamos nunha versión do seu amigo e editor Leandro Carré, mais a significación é importante, e o achego a un certo galeguismo de Fernández Flórez no seis primeiros anos é coñecido. En parte iso explica a atención que lle dedica a Castela cando a intervención do de Rianxo nas Cortes da Segunda República a prol da lingua galega e a amizade que de vello uniu aos dous persoeiros.

A literatura galega é aquela que se crea e expresa en galego, certamente, mais ninguén pode desconsiderar a importantísima presenza de Galicia en autores como Emilia Pardo Bazán, Valle-Inclán, Torrente Ballester, Camilo José Cela, Elena Quiroga..., por non recuar ata o VII Conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro, no século XVI, e a obra bilingüe (en galego e castelán) dunha extensa nómina de autoras e autores, dende Rosalía de Castro a Álvaro Cunqueiro, dende o propio Manuel Murguía a Luís Seoane, Rafael Dieste, Otero Pedayo ou Eduardo Blanco Amor. Todos son patrimonio noso. Todos enriquecen a memoria común. Fendetestas, tamén chamado Xan de Malvís, segue alancando polos camiños da fraga, igual que o seu amigo Cotovelo, e o diálogo entre a vella carballa e o poste de telégrafos continúa vixente.

Brión. Setembro 2020